

**Clube Marítimo
Deportivo e Cultural**



O GROVE • Nº 37- 2º TRIMESTRE 2015

EDITA: C.M.D.C. BREOGÁN

Apdo. Correos nº 86 - Telf./Fax. 986 73 32 93

e-mail: clubbreogan@telefonica.net

www.clubbreogan.org

Campamento de Verán

Resultados Galegos

Resultados Nacionais

Resultados Internacionais

Ollando atrás




**DEPORTE
GALEGO**



**GALICIA
SAUDABLE**

//ABANCA

RESUMO 2º SEMESTRE 2015



As actividades realizadas pola nosa entidade durante o 2º semestre (abril, maio e xuño) de 2015, recóllese de forma resumida neste Boletín Informativo nº 37. Coa liga de xadrez rematada, e a actividade da Escola de Xadrez que dura o tempo do curso escolar, fan que este trimestre prevaleza o realizado polo equipo de piragüismo, o campamento deportivo de verán e outros.

Neste boletín podemos ver os resultados colleitados polos equipos de piragüismo neste trimestre, tanto a nivel autonómico como nacional e internacional. Tamén pasamos repaso ao sorteo dunha Tablet, realizado grazas á colaboración de "GT INFORMÁTICA", cúa recaudación vai en axuda dos desprazamentos dos equipos da base.

Unha vez máis, este ano, xunto con outros clubs da ADM, colaboramos coa Concellaría de Deportes na organización e realización do Campamento Depor-

tivo de Verán, que nesta ocasión acadou xa a súa cuarta edición.

Tamén informamos da posta a venda da Lotería de Nadal, sendo o número que xogamos neste ano o 19.294.

E para rematar, na contraportada recuperamos a sección "Ollando Atrás", onde recuperamos dúas fotos dos membros do equipo de xadrez no ano 1.999, cando xogaban as súas partidas na Casa da Cultura.



LOTERÍA DE NADAL

Como todos os anos, e como fonte de ingreso habitual, poñemos á venda a Lotería de Nadal, a cal xa se pode adquirir en décimos nos locais colaboradores coa nosa entidade e aos cales lles agradecemos enormemente a súa axuda neste tema.

Peirao, Trasno, Casa Abel, Belomar, Artesa, Peluquería Moncho, O Arco, A Traíña, Cruceiro, Crisal, ou no Pavillón de Deportes Náuticos, son algúns dos sitios onde se poden comprar estes décimos. Proximamente, tamén se poñerán á venda o número que xogamos, o 19.249 en participacións, podéndose adquirir en locais colaboradores ou aos membr@s dos equipos da base.

Ademais de colaborar coa entidade e axudar ao mantemento das actividades, pode que a sorte nos sonría e darnos unha sorpresa, colabora.



IV Campamento Deportivo de Verán

Breogán colabora un ano máis no Campamento Deportivo de Verán que organiza a Concellaría de Deportes do Grove, coa colaboración dos clubs da Asociación do Deporte Meco (ADM).

Por cuarto ano, os nenos e nenas poderán gozar coas actividades deportivas durante os meses de xullo e agosto, moitas delas ao aire libre. Fútbol, balonmán, piragüismo, remo, baloncesto, deportes alternativos, xogos, fútbol gaélico, etc; forman parte das actividades habituais deste campamento.

Esta actividade é habitual en moitos fogares do noso municipio, de cara a que os rapaces teñan unha actividade durante o verán e, pouco a pouco tamén se van integrando algúns rapaces dos que acoden ao Grove a veranear e aproveitan para apuntarse a este campamento.



Deputación Pontevedra

RESULTADOS GALEGOS

Kaiak de mar

- A segunda regata da Liga Galega desta modalidade tivo lugar en Rianxo (4 de abril), onde presentamos un equipo formado por doce padexeir@s, que acadaron a cuarta posición por clubs e sendo os resultados individuais máis destacados: 1º posto de Tino Rodríguez en K-1 home senior tradicional, 1º posto de Rut Otero en K-1 muller veterana, 2º posto de Antía Naveiro e Ángela Rodríguez en K-2 muller cadete, 2º posto de Edu da Silva e Adrián Otero en K-2 home xuvenil e 3º posto de Sara Cacabelos en K-1 muller xuvenil.

- 3ª Regata da Liga Galega de Kaiak de Mar celebrouse en Cambados (2 de maio), onde con un equipo de once padexeir@s, colleitaron o 3º posto por club, o mellor resultado ata o de agora, do noso equipo nesta modalidade. Destaron os seguintes postos: 1º Tania Álvarez, K-1 muller senior; 1º Tino Rodríguez, K-1 home senior tradicional; 2º Edu da Silva e Adrián Otero, K-2 home xuvenil, 3º Ángela Rodríguez e Antía Naveiro, K-2 muller cadete; 3º Daniel Mourellos, K-1 home cadete.

Liga Galega de Infantís

- Castrelo de Miño (5 de abril) acolleu a 2ª regata da Liga Galega de Infantís, onde presentamos 21 deportistas cuos mellores resultados individuais foron: Borja Lamas,



Prata en C-1 infantil “B” zurdo; Jose Couso, Bronce en C-1 infantil “B” diestro e Iván Meis, Bronce en C-1 infantil “A” diestro.

- A 3ª regata desta liga celebrouse en Lugo (24 maio) onde presen-

tamos a 16 padexeir@s, sendo os mellores resultados: o cuarto posto de Lucía Devesa no K-1 muller infantil “B” e o sexto posto de Iván Meis no C-1 infantil “A”.

- 18 padexeir@s formaron o equi-





po que participou na 4ª regata de infantís galega, que tivo lugar en Pontesampaio (21 xuño) onde Borja Lamas gañou o C-1 infantil “B” zurdo, Iván Meis foi segundo no C-1 infantil “A” diestro.

Ligas Galegas

Esta temporada cambio o formato das ligas galegas, pasando a ser independentes diferenciando tanto a nivel de categorías, como a nivel de sexos.

- Campionato Galego de Maratón (Pontevedra, 16/17 de maio) presentamos once pedexeir@s, onde Pedro Areal e Adrián Fernández foron Medalla de Prata no C-2 home senior, Miguel Fernández foi Bronce no C-1 home senior e Tania Álvarez foi Bonce no K-1 muller senior.

- Descenso do Miño de Lugo, (23 de maio-Lugo) acudimos con once padexeir@s, sendo o máis destacable os cuartos postos de Adrián Ribademar (C-1 home xuvenil) e o de Tania Álvarez (K-1 muller senior).

- Travesía As Pontes (6 de xuño-As Pontes) Regata en embarcacións K-4 e C-4, presentamos dúas embarcacións (8 deportistas). O K-4 muller xuvenil (das que tres das padexeiros eran cadetes) acadou a Medalla de Bronce: Antía Naveiro, Ángela Rodríguez, Paula Álvarez e Sara Cacabelos.

- Campionato Galego de Pista Individual, (Verdugo-10 de xuño) Participamos con dez padexeir@s, sendo os resultados máis destacados as dúas Medallas de Ouro de Natalia García no K-1 muller senior nos 200 e 500 m. Elena Naveiro tamén se facía con dúas medallas: Ouro no K-1 muller LTA 200 m.; sendo a única muller galega que ata o de agora, compite na modalidade de paracanoe. E tamén se fixo coa Medalla de Bronce no K-1 muller veterana. Adrián Ribademar 3º no C-1 home xuvenil.

- Campionato Galego de Pista-Barcos de Equipo (Verdugo- 20 de xuño) Quince padexeir@s en competi-

ción, onde Tono Campos e Diego Romero gañaron o C-2 home senior nos 1.000 m., sendo 2º nos 200 m.

Natalia García e Tania Álvarez foron segundas no K-2 muller senior, en 500 e 200 m.; e o K-4 muller senior nos 500 m. formado por Rut Otero, Sara Bravo, Tania Álvarez e Antía Rodríguez, foron terceiras.

- Descenso do Miño (27 de xuño-Ourense).

Doce deportistas en competición, con resultados regulares, os máis destacados o 5º posto de Antía Rodríguez no C-1 muller senior e o 5º posto do K-2 home xuvenil de Edu da Silva e Adrián Otero.

- Campionato Galego de Pista Cadete (04 de xullo-Verdugo).

Seis deportistas en competición, onde o resultado máis destacado foi o de Juan Camilo Ortiz que foi 6º no C-1 home cadete 1.000 m.

Liga Provincial de Alevíns e Benxamíns

- A 1ª regata da Liga Provincial de Alevíns e Benxamíns tivo lugar en Verdugo (2 maio) onde só presentamos a 10 padexeir@s; que se fixeron con dúas medallas: Carme Devesa foi segunda no K-1 muller Alevín “B” e Aldara Gorrita foi 3ª no K-1 muller benxamín.

- O río Lerez ao seu paso por Pontevedra, acolleu a 2ª regata desta liga (7 de xuño), onde presentamos a 15 padexeir@s, e destacando o primeiro posto de Carme Devesa no K-1 muller alevín “B”.

HABITAT

Decoración



XII TRAVESÍA DA TOXA XXIX TROFEO CONCELLO DO GROVE DE PIRAGÜISMO

O 25 de abril organizamos e celebramos a “XII TRAVESÍA DA TOXA-XXIX TROFEO CONCELLO DO GROVE DE PIRAGÜISMO”, que á súa vez foi Campionato Galego de Travesías, feito que se deu por primeira vez en Galicia, xa que o normal era celebrar o Campionato Galego de Ríos e Travesías, pero ao ter presentado dúas solicitudes para a organización de este evento e coincidía que unha era unha travesía e a outra un río; dende a F.G.P. obtouse por separar nesta ocasión este campionato e celebralo por separados. A participación nesta regata foi todo un éxito, por ins-

cribíronse preto de 500 padexeiros, sendo a segunda regata de Galicia, destas características, con maior participación; só por detrás do Descenso Internacional do Miño en Tui.

O recorrido da regata foi o mesmo circuíto dos últimos anos, instalado entre O Grove e A Toxa; participando padexeir@s de categorías: cadete, xuvenil, senior e veteranos, en embarcacións: K-4, C-4, K-2 e C-2.

Esta regata ademais de Campionato Galego de Travesías, foi puntuable para as Ligas Galegas das ca-

aínda non nos segues nas redes sociais?

BReOGAN

© GROVE



@CMDCBreogan



facebook.com/BreoganGrove



clubbreogan.org





de “Tienda Cosméticos La Toja”; e os compoñentes das embarcacións que se clasificaron en segunda posición en todas as categorías, recibiron un lote de produtos de “Consevas Selectas de Galicia-Isabel”. O noso equipo contou con varias e importantes baixas, aínda así, os que tomaron parte tiveron unha actuación aceptable.

- Juan Camilo Ortiz e Daniel Mourellos, 17º en K-2 home cadete.
- Antía Naveiro e Ángela Rodríguez, 6º en K-2 muller cadete.
- Edu da Silva e Adrián Otero, 20º en K-2 home xuvenil.
- Cristian Ribademar, Miguel Fernández, Sami Grigore e Tino Rodríguez, 2º en C-4 home senior.
- Sara Bravo, Rut Otero, Antía Rodríguez e Sara Cacabelos, 6º en K-4 muller senior.

O gañador por clubs foi o Club de Mar Ría de Aldán, segundo foi o Naval de Pontevedra e o terceiro, Escuela de Piragüismo Ciudad de Pontevedra. Breogán rematou na novena posición por clubs.



tegorías participantes, o que fixo que fose unha das regatas máis destacadas do piragüismo galego no 2015. A isto sumou a gran colaboración das empresas que o veñen facendo dende hai uns anos con este evento, principalmente as da Illa de A Toxa, que aportaron regalos e donacións para clubs e padexeiros.

O primeiro club clasificado levou o trofeo donado polo Casino La Toja e un bono regalo para dúas

persoas dunha fin de semana no Gran Hotel La Toja. O equipo que ocupou a segunda posición levou o trofeo e un bono regalo de fin de semana para dúas persoas no Hotel Isla de La Toja e, o club clasificado na terceira posición levou o trofeo e unha fin de semana para dúas persoas no Hotel Louxo La Toja. Ademais, os compeñentes das embarcacións que remataron na primeira posición en todas as categorías, recibiron un lote de produtos



Resultados Nacionais

XIV Liga Olímpica de Sprint “Hernando Calleja” División de Honor

- Copa de España de Pista sobre 1.000 m. celebrada en Trasona (Asturias) o 18 e 19 de abril. Participamos con un total de 10 padexeir@s que obtiveron a sexta praza por clubs; destacando o 1º posto de Diego Romero no C-1 senior, mesmo resultado que colleitou no C-2 xunto con Tono Campos; ambos os dous máis Miguel Fernández e Adrián Fernández, fixéronse coa segunda praza no C-4 senior; Natalia García facíase coa terceira posición no K-1 muller senior.

- Copa de España de Pista sobre 200 e 500 m. (Verdusco, 30/31 de maio) acudimos con só oito padexeir@s ao contar con moitas baixas, o que se reflectiu no resultado final. Destacou a primeira participación en paracanoe de Elena Naveiro, que se fixo con dúas Medallas de Prata no K-1 muller senior LTA en 200 e 500 m. Mentras que Natalia García facíase coa Medalla de Prata no K-1 muller senior.

XIV Liga Nacional “Jóvenes Promesas” Aguas Tranquilas

- Copa de España de Jóvenes Promesas Cadetes 1.000 m. Trasona (Asturias) 9/10 de maio. Presentamos cinco deportistas, todos de primeiro ano na categoría, que

obtiveron uns resultados bastante dispares, sendo o máis destacado o 8º posto de Juan Camilo Ortiz na Final B do C-1.

- II Campionato de España de Infantís sobre 3.000 m. (9/10 de maio, Trasona-Asturias) participamos con trece padexeir@s, que obtiveron o 8ª posto por clubs. A nivel individual destacou o 5º posto de Borja Lamas no C-1 home infantil “B”, nesta mesma categoría Jose Couso rematou no posto once, idéntico resultado que o colleitado por Lucía Devesa no K-1 muller infantil “B”.

- Copa de España de Jóvenes Promesas Infantil 3.000 m. (Zamora, 26/27 de xuño).

Desprazamos un equipo de 18 padexeir@s, que remataron no 6º posto por clubs; sendo os resultados máis destacados a nivel individual: Iván Meis-Borja Lamas, 4º C-2 home infantil “A”; Iván Meis 8º no C-1 home infantil “A”; Aaron Castro-José Couso 8º no C-2 home infantil “B”.

XIV Liga Nacional de Ríos e Travesías

- I Copa de España de España de Media Maratón (25/26 de abril – Mérida). Os nosos representantes: Pedro Areal e Adrián Fernández, impuxéronse no C-2 home senior.

- Campionato de España de Maratón (Pontevedra, 16/17 de maio) participamos con once



Luis A. Mestre, 76bx. 36980 O Grove
Telf. 986 730 958 Fax. 986 733 960

www.elesma.com

padexeir@s, entre os que destacou o Subcampionato de España de Pedro Areal e Adrián Fernández no C-2 home senior; sendo Miguel Fernández Castro o cuarto clasificado no C-1 home senior.

Neste campionato tamén se disputou o selectivo para acudir ao Campionato do Mundo de Maratón, que na categoría do C-2 home senior, foi gañado por Tono Campos e José M. Sánchez (Ría de Betanzos).

- II Copa de España de Media Maratón-Raphel del Tajo (Aranjuez-21 de xuño).

Participou o C-2 home senior de Pedro Areal e Adrián Lameiro, que se fixeron coa Medalla de Ouro na súa categoría.

VIII Liga Nacional Masters (veteranos)

- XIII Campionato de España Sprint para Veteranos, 19 de abril, Trasona (Asturias).

Disputado sobre a distancia de 1.000 m. contamos con dous representantes que colleitaron candaseu título de Campión de España na súa categoría: Rut Otero impúxose no K-1 muller veterana (36-39); mentras que Miguel Fernández facía o mesmo no C-1 home veterano (36-39).

Outras Regatas Nacionais

- 42º Descenso Ibérico del Tajo, (Zamora, 27 de xuño).

Adrián Lameiro e Pedro Areal, 1º no C-2 home senior.





Resultados internacionais

A participación dos padexeir@s de Breogán en competición internacionais ven sendo habitual dende hai un lote de anos e, este 2015 non podía ser menos, xa que os nosos deportistas teñen a boa costume de seguir con esta tradición.

Durante este trimestre, tivemos dous campionatos a nivel internacional onde estiveron presentes Tono Campos e Diego Romero, que tras unha boa preparación invernall dirixida por José Luis Otero Padín e Kito Parada; fixeron que estes padexeiros melloraran os seus tempos no C-2 na distancia olímpica dos 1.000 m.

Pero a realizade foi que ao ser ano preolímpico, todos

os participantes melloraron as súas prestacións, complicando moito máis as actuacións dos nosos padexeiros e só se pode dicir que estamos moi orgullosos do traballo que realizaron neste ano e nos anteriores.

Campionato de Europa de Pista.

Racice (Rep. Checa)

Tono Campos e Diego Romero, foron 10º no C-2 sobre os 1.000 m.; mentras que Diego Romero era 7º no C-1 na distancia dos 5.000 m.

- I Xogos Europeos. Baku (Azerbaiyan 12/18 de xuño). Tono Campos e Diego Romero foron 10º no C-2 sobre os 1.000m.



Restaurante - Taberna

A TRAIÑA



Sorteo dunha tablet en colaboración de GT Informática



O pasado ano, en colaboración con “GT INFORMÁTICA” realizamos un sorteo dun teléfono móbil, para recaudar cartos que nos axudaran a afrontar os gastos dos desprazamentos dos equipos da base.

Este ano e, co mesmo destino, e contando de novo coa inestimable colaboración dos amigos de “GT INFORMÁTICA”, fixemos outro sorteo, nesta ocasión dunha TABLET ARCHOS 70C COBALT.

@s membr@s dos nosos equipos da base de piragüismo foron os encargados da venta das rifas, celebrándose o sorteo público o 25 de abril durante a entrega de trofeos da XII Travesía da Toxa-XIX Trofeo Concello do Grove.

O pasado ano o afortunado foi Miguel, da Taberna Araújo. Nesta ocasión o premio quedou na casa, xa que o agraciado foi o noso canoísta senior Diego Navero.

A nosa intención é seguir facendo os actos ou actividades que poidamos, de cara a recaudar os ingresos necesarios de cara a poder seguir mantendo as nosas actividades, e incluso estamos valorando a posibilidade de aumentalas, do cal iremos dando conta.



VICTOR OTERO PROL

ARAG
Especialistas en
Seguros de Defensa Jurídica

Allianz

Asesoría Fiscal e Contable •

Asesoría Laboral •

Sociedades •

Administración de Fincas •

Mediador de Seguros Colexiado •

Especialista en Seguros de Vida •
Aforro e Inversión

O Corgo, 59 baixo - Telf/Fax. 986 73 31 25 - 36980 O GROVE Pontevedra

OLLANDO ATRÁS

Membros do equipo de xadrez na Casa de Cultura 1.999



C/ Sineiro, 20 - A Bajo | 36980 O Grove (Pontevedra) • Tel. 986 73 23 36 | Fax. 986 73 39 64
www.viabustravel.es